



Pedro Ocampo Cardalda
Concelleiro de EU-Son do Porriño

Os retos de Esquerda Unida ante a XII Asemblea

O 3 de Xuño terá lugar en Santiago a XII Asemblea de Esquerda Unida. Ata aí un traballo nas localidades e comarcas para o debate de Documentos e a elección das persoas que estarán como responsables da Organización.

Atrás queda a XI Asemblea, que coincidía case co inicio da miña participación militante en Esquerda Unida coa creación da agrupación local no Porriño; parece que foi onte, pero iso dende a perspectiva vital persoal, porque dende a dimensión política e social moito parece o tempo transcorrido e máis semella trasladarnos a outra época. Pero esta é a condición dos momentos que vivimos: na política está pasando o mesmo que xa aconteceu (de feito non podía ser doutro modo) na economía ou a post-economía, que como lle chama Antonio Baños no seu recomendable libro co mesmo nome. Vivimos nun presente continuo a unha velocidade sen tempo para pensar ou assimilar.

Difficil facer un resumo en tan pouco espazo e non é o tema que quero abordar. É máis, a análise está feita, a realidade anunciada: sabiamos o que nos viña enriba, como ía reaccionar o sistema ante a resistencia política en calquera das súas formas., Tiñamos claro que unha vez ocupados as institucións onde se fai política e inutilizados para calquera resistencia, tocaba facer o mesmo cos movementos cidadáns, coas organizacións, sindicatos, etc. A análise está feita e creo que hai dabondo literatura para profundar nisto, pero a reacción a esta situación é o que non se corresponde. E por aí quero eu ir no meu análise dos retos que dende Esquerda Unida temos por diante.

Creo que o lema da Asemblea é adecuado para afrontar o que se nos vén por diante: "A forza das ideas". Ideas por enriba da premura, da imposición das demandas do tempo, da conveniencia electoral ou da presión do sistema. Ideas forza, interiorizadas e irrenunciáveis. A forma de comunicalas, de defendelas poderá depender da conveniencia do momento e do medio para expresalas, pero teñen que ser referencia inconfundible de identidade propia e referencia dende fóra.

Dende a XI Asemblea estívenos case que ininterrompidamente mergullados en procesos electorais (catro procesos e un deles moi prolongado) e cambios na configuración da política que foron novos e convulsionaron a todas as organizacións, por moi consistentes que semellaran ser. E falo de organizacións de esquerda, pois á dereita parece que non lle afectou tanto este cambio; en realidade, non lle afecta nin sequera o feito de aparecer como tramas organizadas de corrupción, como auténticas empresas de extracción do público.

Os vaivéns electorais e a reacción do sistema fixeron que Esquerda Unida e Izquierda Unida perdesen peso como referencia inconfundible e

interiorizada pola sociedade da esquerda radical, real. Sobrevivir non era doado, non só polo temporal externo senón polas fixuras internas que ía traer inevitablemente. A unha organización sólida, con militancia e simpatizantes moi curtidos e cunha conciencia política por enriba das circunstancias e os tempos adversos non lle ía ser doado soportar a vertixe que producía renunciar á autonomía e a identidade.

“Un partido poderá ter meirande significado ou peso, xustamente na medida na que a súa actividade particular teña pesado máis ou menos na determinación da historia dun país”

Gramsci: “Notas sobre Maquiavelo”

Dito isto, estos son os retos que, ao meu parecer, temos que afrontar dende Esquerda Unida:

- Esquerda Unida ten que seguir sendo referencia diferenciada da esquerda rupturista e anticapitalista. Somos unha organización sólida, cunha militancia moi activa e implicada, ademais dun grande compromiso por parte desta. Os temporais electorais non poden facer que se perda un rumbo que debe ser marcado con independencia das estratexias para afrontar as eleccións ou para ocupar as institucións.

- Temos que estar nas institucións, claro que si. A chegada a estas é unha necesidade e hai que ocupalas, democratizalas e recuperalas (en realidade recuperar non é a palabra exacta, pois sempre estivo usurpada) para a Política. Pero non podemos reclusárnos nelas. Temos que artellar estratexias para o conflito social, profundando deste xeito no principio de configuración de Esquerda Unida coma movemento político-social.

- Seguir mantendo o obxectivo dunha alternativa ao capitalismo e loitar solidariamente nese obxectivo con outros pobos irmáns. Cuba e Venezuela son exemplos de que é posible unha resposta ao sistema capitalista imperialista e a imposición do discurso hexemónico. Hai clases sociais e hai “loita de clases”, con toda a complexidade que adquiriu neste neofeudalismo no que se convertiu o capitalismo. Superar o capitalismo ten que estar no horizonte da nosa acción política e as nosas propostas pois dende este sistema non hai futuro digno para os traballadores e traballadoras, para o pobo.

- Non aceptar sen máis unha resposta á crise como un novo. Temos que propoñer e facer pedagogía sobre unha alternativa oposta a este que pasa por asumir o discurso do “decrecemento”, dunha alternativa ou alternativas económicas posibles e necesarias: cooperativismo, agricultura e gandería sostible, comercio xusto, xestión do urbanismo feito

para as persoas, transporte público e de calidade (o tren de cercanías como proposta fronte a trens caros e para unhas poucas persoas). Pódese vivir dun xeito distinto á que nos levou este capitalismo salvaxe e de esgotamento dos recursos naturais.

- A loita pola III República e o fin do réxime monárquico herdeiro do franquismo e dunha transición que o perpetuou nas institucións e nos poderes económicos ou, por exemplo, na hexemonía ideolóxica da Igrexa. A monarquía, a nova “restauración borbónica”, consagra e sanciona o antigo réxime, as oligarquías económicas e os seus lacaios políticos. E do pai pasamos ao fillo asumindo sen máis o esquecemento (a segunda república como o único réxime democrático lexítimo na historia do noso país) e a imposibilidade dunha auténtica ruptura democrática.

- Afrontar sen medos a cuestión do modelo de Estado. O Estado español carece de soberanía en Europa, así que se queremos recuperar as institucións para o pobo esta debe empezar polas máis pretas a este: Galicia e os concellos. Defensa da identidade nacional e cultural e recuperación da autonomía dos concellos para xestionar os recursos e ponelo a disposición do pobo.

- Pedagogía e política con maiúsculas. Como dicía Gramsci: o partido ten que ter unha función educacional e emancipatoria, onde a democracia ten que ser incluínte e concreta, baseada no proceso de debates e discusións que asegure a elevación continua do nivel intelectual, moral e político dos seus membros, só así non se limitará a ser unha estrutura de distribución do poder.

- Exemplaridade e referencia para a cidadanía da conxunción ética-política: converter en hábito na política o comportamento ético, transparente, responsable e democrático.

- Firmeza nas ideas, compromiso e fortaleza das agrupacións locais, verdadeira forza viva desta Organización.

- Unha persoa que poida encabezar e ser símbolo deste proxecto. Eu penso que a que será a nova Coordinadora Nacional, Eva Solla, encarna á perfección ese principio: comunista, comprometida, con moito ánimo e forza e, senón non entenderíamos nada, muller. Ánimo pois a Eva e o meu recoñecemento tamén para quen deixou esa responsabilidade en momentos tan complexos e difíciles e manter aínda así a organización viva: Yolanda Díaz.

Para rematar e volvendo ao lema da Asemblea unhas palabras de quen, de seguro, está no espírito do mesmo: “Acompañaranos a seguridade de que as ideas son máis poderosas que as armas, por moi sofisticadas e poderosas que as armas poidan seren”. Fidel Castro: Discurso no Día Internacional dos Traballadores.

Saúde e República!